



# Cambiamos

# o Cambio



Ronsel de futuro. Rumbo 2030  
**Rede Museística Provincial de Lugo**

CADERNO DO  
PROFESORADO

## Introdución

O cambio climático é o maior reto ao que se enfrenta a humanidade en toda a súa historia. A subida das temperaturas lévase notando desde hai décadas e prevese que siga ascendendo nos próximos anos. A escaseza de auga, desertización e desaparición de lagos, aumento da frecuencia de fenómenos meteorolóxicos extremos, a subida do nivel do mar e un aumento das inundacións son algunhas das consecuencias do quecemento global que xa se empezaron a notar.

Se as persoas somos parte deste problema tamén debemos ser a solución. Entre todos temos que salvar ao planeta do camiño de destrución cara onde a diriximos. Cos nosos pequenos xestos contribuiremos a esta labor.

En Galiza verase afectada a liña da costa, xa que ao medrar o nivel do mar moitas desas zonas quedaran mergulladas baixo as augas. En canto ao interior, poden producirse períodos de escasas precipitacións o que levaría a seca dos nosos ríos e a escasa produción da agricultura e a problemas para manter o gando.

Temos que coñecer as consecuencias para poder poñer remedio a este imparable cambio climático que nos está a afectar cada vez máis.

Os catro museos da Rede Museística Provincial están situados en lugares que esixen un especial coidado. Temos que procurar a sustentabilidade destes espazos para non danar toda a natureza que os rodea

## A Rede e o seu traballo

O Museo Fortaleza San Paio de Narla está nun entorno natural privilexiado, dentro da Reserva da Biosfera. Temos ademais moi preto a Cova da Serpe, a carballeira de Guimarei ou o carballo de Cerracín. Árbores, campos de cultivo, o río Narla... e multitude de especies diferentes de flora e fauna vense desde a Torre da Homenaxe do museo. O Museo Provincial de Lugo tamén se atopa nunha reserva natural e rodeado dos ríos Miño e Rato, o Museo Provincial do Mar está pegado ao Cantábrico e desde as súas ventás divísase o illote das Farallóns preto de onde nadan golfiños e cetáceos, e no Pazo de Tor estamos na Ribeira Sacra, enclave privilexiado pola súa paisaxe, clima, flora e fauna. Toda esta riqueza está a verse ameazada polo cambio climático e o quecemento global que afecta a todo o planeta.

Debemos entre todos coidar o entorno para que as xeracións futuras poidan gozar da beleza paisaxística do rural galego, e neste caso da zona de Friol.

O Museo atópase nunha comunidade eminentemente agrícola e gandeira. É moi frecuente ver aos tractores traballando as leiras e o gando pastando nas zonas de prado da contorna. Están a levar a cabo proxectos para lograr aumentar a superficie agraria e que as parcelas sexan dun maior tamaño, concretamente propuxeron a permuta de

terras para facer concentracións parcelarias para lograr prácticas máis sostibles, é dicir, producir co menor dano ambiental posible. Conseguindo mellores condicións evitarase o despoboamento rural e o deterioro progresivo da zona.

Se non logramos deter o cambio climático as zonas húmidas desaparecerán o que afectará aos cultivos pois non haberá auga para o seu rego. Isto levará a un prexuízo para o gando, o cal verá diminuído o seu alimento. Temos que parar o quecemento global ou nuns anos a Galiza rural verde como a coñecemos será historia.

Desde a Rede Museística Provincial de Lugo propoñemos coñecer o patrimonio natural da nosa contorna igual que coñecemos o etnográfico ou histórico.

Imos usar os museos da Rede como fontes primarias de coñecemento, a través das súas coleccións e contornas explicaremos os diferentes ODS, facendo fincapé, sobre todo, na contaminación e na reciclaxe de residuos. Temos que transmitir aos cativxs a importancia non só de conservar o patrimonio material e inmaterial senón tamén o natural.



## Actividade "A Ruleta ODS"

### Introdución

Os ODS constitúen un chamamento universal á acción para pór fin á pobreza, protexer o planeta e mellorar as vidas e as perspectivas das persoas en todo o mundo. En 2015, tódolos Estados Membros das Nacións Unidas aprobaron 17 obxectivos como parte da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible, na cal se establece un plan para acadar os obxectivos en 15 anos.

Actualmente, estase a progresar en moitos lugares, pero, en xeral, as medidas encamiñadas a acadar os Obxectivos inda non avanza á velocidade nin na escala precisa. O ano 2020 debe marcar o inicio dunha década de acción ambiciosa a fin de acadar os Obxectivos para o 2030.

Dado que só quedan dez anos para acadar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, na Cume sobre os ODS celebrada en setembro de 2019, os líderes mundiais solicitaron un decenio de acción e resultados en prol do desenvolvemento sostible, e prometeron mobilizar a financiación, mellorar a aplicación a nivel nacional e reforzar as institucións para acadar as institucións para lograr os Obxectivos na data prevista, o ano

2030, sen deixar a ninguén atrás.

O Secretario Xeral das Nacións Unidas fixo un chamamento para que tódolos sectores da sociedade se mobilicen en prol dunha década de acción en tres niveis: acción a nivel mundial para garantir un maior liderazgo, máis recursos e solucións máis intelixentes con respecto aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, acción a nivel local que inclúa as transicións precisas nas políticas, nos presupostos, as institucións e os marcos reguladores dos gobernos, as cidades e as autoridades locais; e acción por parte das persoas, incluídos a xuventude, a sociedade civil, os medios de comunicación, o sector privado, os sindicatos, os círculos académicos e outras partes interesadas, para xerar un movemento imparabile que impulse as transformacións precisas.

Conectaremos os diferentes ODS cos museos da rede para que xs alumnxs aprendan de xeito lúdico e visual como mellorar e seu redor e contribuír así a un mundo mellor e máis san.

### Metodoloxía

A través das pezas da Rede Museística Provincial acudimos as fontes primarias do coñecemento para tratar de comprender os ODS, o seu significado e as consecuencias de non levalos a cabo. No 2030 temos que ter alcanzado estes obxectivos pois senón o planeta e a vida que nel se desenvolven corre o risco de desaparecer e sumir a Terra na escuridade e caos máis absoluto.

Para iso temos que traballar coas dez C, é dicir, con compromiso, contando (medindo) as consecuencias, comunicando os logros e retrocesos do proceso, conservando, colaborando, co-produciendo, compartindo, contaxiando, co-educando e consolidando. Só co traballo en equipo e de forma participativa podemos lograr que no 2030 teñamos os obxectivos conseguidos. Será máis doado logralo se todos poñemos da nosa parte e traballamos nunha fronte común contra inimigos como o cambio climático, as desigualdades, a pobreza, a fame...

## Contidos

1. Coñecer e reflexionar sobre os ODS e as consecuencias de non levalos a cabo.
2. Descubrir o entorno máis próximo e aprender a coidalo.
3. Coñecer as causas e as consecuencias do cambio climático.
4. Propoñer accións para reducir o consumo enerxético.
5. Promover actitudes responsables co medio ambiente.
6. Recoñecer as diferentes accións humanas que provocan o deterioro do medio ambiente.

## Descrición e instrucións

O mestre e o persoal mediador do museo explicarán a os nenos os ODS. Utilizando a linguaxe axeitada para cada nivel educativo. Unha vez realizada esta labor os alumnxs realizarán a actividade que se lles propón. O xogo consiste en facer xirar a ruleta dos ODS e no que nos toque colocar os obxectos ou entornas dos museos da Rede Museística referentes a cada obxectivo. Despois deberán facer unha posta en común do porque das súas eleccións o que lles servirá para coñecer diferentes puntos de vista e aprender a respectar opinións diversas.

## Recursos

Precisaremos un ordenador co que poder contactar con eles no caso de actividades en liña e material adecuado para recortar as distintas fichas que se lles proporcionarán.

Esta actividade ofrece a posibilidade de ser realizada en liña ou de xeito presencial en calquera dos catro museos da Rede.

## Competencias básicas

### ◆ Competencia lingüística:

- escoitar, conversar, ler.
- A maior parte das actividades realízanse de forma oral ou nun espazo educativo marcado pola oralidade. Isto contribúe a mellorar o desenvolvemento da lingua oral no alumando, especialmente naqueles parámetros marcados polo seu exercicio grupal. Ademais de incentivar o uso de linguas para realizar diversas actividades.

### ◆ Competencia social e cidadá:

- Relacións persoais
- Traballo cooperativo

- Coñecemento e interacción da realidade social
- A idea de museo comunitario construído en base a redes de traballo colaborativo e a súa reprodución no proceso de aprendizaxe mellora as competencias sociais e cidadáns do alumnado.

### ◆ Competencia cultural e histórica – artística:

- Coñecemento do patrimonio inmaterial
- Coñecemento da historia e a arte
- Construción cultural compartida
- O museo é a ferramenta máis usual na conservación e posta a disposición do patrimonio, a parte o enfoque concreto da Rede Museística Provincial fundaméntase no traballo en proxectos de base colaborativa e que aporten valor engadido á educación comunitaria.

### ◆ Aprender a aprender:

- A aprendizaxe non só se realiza en centros educativos. A descuberta dun museo é tamén a descuberta dunha nova forma de aprendizaxe, de carácter curricular ou non curricular pero con un contido fundamente social. Aprender en comunidade.

### Avaliación do alumnado.

Para avaliar ao alumnado usaremos os seguintes instrumentos:

-Observación e seguimento a través de fichas.

-Análise das producións dos nenxs.

-Intercambios orais cos alumnxs, tanto individuais como en grupo, facendo fincapé nas reflexións colectivas.

### Avaliación do profesorado.

Avaliación da práctica docente na aula en relación ao cumprimento dos obxectivos da Unidade Didáctica así como ao conxunto de material didáctico utilizado e as labores docentes sinaladas.

### Criterios de avaliación.

- ◆ Preténdese avaliar o desenvolvemento da capacidade de comprensión.
- ◆ Téntase constatar a capacidade para expresarse usando léxico, ton e pronuncia axeitados.
- ◆ Quérese observar o coñecemento dos ODS adecuados ao seu interese, nivel e contorno.
- ◆ Observarase se a nena ou o neno é quen de formular xuízos persoais sobre o explicado.
- ◆ Comprobarase a presenza dunha actitude positiva cara ao traballo en equipo e a escoita activa.

### Atención á diversidade

A Rede Museística, creada no 2006, dende a súa fundación, traballa día a día na inclusión de todas as persoas diversas no ámbito da súa actividade profesional e cultural.

Xs cativxs son o futuro, un futuro aberto no que a diversidade que engloba tanto a diversidade funcional relativa a xente con capacidades diferentes, como a diversidade cultural, étnica, artística ou xeográfica, teñan cabida, e onde a integración non sexa unha sinatura pendente senón unha realidade.

A atención á diversidade integra unha acción educativa onde as discapacidades sensoriais, físicas, psíquicas ou sociais non sexan unha barreira senón unha riqueza no conxunto grupal que potencia outros aspectos como a solidariedade, empatía ou colectividade.

A través dos nosos programas educativos e culturais, comprometémonos a adaptarnos as características individuais de cada alumnx, a respectar todas as culturas, etnias e condicións como mostras de riqueza e a adoptar metodoloxías que favorezan a aprendizaxe de todo o alumnado.



## Actividade "Alguen che dixo canto duraba o teu lixo?" (infantil e primeiro ciclo de primaria)

### Descrición

Estamos a aumentar dun xeito exponencial a produción de gases efecto invernadoiro, lixo e materiais de desfeito cunha biodegradación cada vez máis prolongada e complexa que se dificulta aínda máis no mar e que está a provocar gravísimos problemas na sustentabilidade tanto do hábitat mariño como do terrestre. Algúns deles son: a desaparición de especies, desertización e deforestación, derretemento dos polos e subida do nivel do mar, acidificación dos océanos, aparición de fenómenos meteorolóxicos extremos...

Para evitar todos estes efectos negativos cada quen de nós pode achegar unha pequena aportación que axude ao menos a frear este crítico avance do cambio climático.

O Museo do Mar vai ser o noso punto de partida para iniciar o coñecemento dos residuos depositados no mar e o seu efecto sobre o ecosistema mariño. Imos coñecer como o noso lixo afecta aos peixes, fondos mariños, flora, nivel de ácido da auga... e cales serán as consecuencias de non frear o cambio climático, o quentamento global e alteración do hábitat dos mares, ríos e océanos.

### Obxectivos

1. Amosar ó alumnado os museos como espazos abertos nos que se conxuga a adquisición de coñecementos e a de boas prácticas sostibles coa faceta lúdica.
2. Potenciar o respecto polo medio ambiente.
3. Concienciar sobre do respecto polo medio natural, analizando que podemos facer nos para evitar a contaminación do Planeta.
4. Fomentar a adquisición de boas prácticas de sustentabilidade medio-ambiental.

### Metodoloxía

Despois dunha visita real ou virtual por calquera dos catro museos da rede, entregaránelles aos participantes debuxos ou fotografías de material de refugallo e tarxetas nas que se indican o número de anos que cada un deles tarda en biodegradarse.

Con este material xs rapacxs terán que adiviñar a cantidade de anos que se corresponde con cada refugallo e logo poderán confeccionar un cartel para pór no colexio ou un caderno co que retar a adiviñar a duración do biodegradado do lixo a pais, nais, compañeirxs...

### Competencias básicas

1. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo que nos rodea.
2. Autonomía e iniciativa persoal.
3. Traballo en equipo.
4. Competencia social e cidadán.
5. Coñecemento da nosa contorna natural e do noso patrimonio.
6. Competencia lingüística.

### Propostas de avaliación:

No propio museo e máis tarde na aula, debaterase sobre das medidas que se poden poñer en marcha para frear o cambio climático e o consumo de plásticos, mellorar a reciclaxe e diminuír a contaminación do Planeta.



## Actividade "Eu reduzo, ti reaproveitas, nós reciclamos" (infantil e primaria)

### Descrición

A reciclaxe é unha das claves para reducir o cambio climático e coa simple acción de clasificar o noso lixo, impedimos que se emitan máis de 700 millóns de toneladas de CO<sub>2</sub> á atmosfera.

Reciclando tamén estamos a aforrar enerxía porque reducimos os traballos de extracción e transporte das materias e tamén axudamos a conservar bosques, ríos e océanos.

Nos catro museos da Rede podemos atopar múltiples representacións da natureza, xa sexa en obras de arte ou en restos fósiles da fauna. Todo isto verémolo a través de pequenas visitas, onde nos centraremos en paisaxe e elementos naturais que forman parte dos fondos museográficos da Rede Museística Provincial.

Os/as nenos/as sa través dos cadros e obxectos expostos nas diferentes salas aprenderán a importancia da conservación e coidado do medio ambiente e o importante que é o traballo en equipo para lograr o obxectivo de salvar a Terra da destrución a que a estamos levando.

### Obxectivos

1. Potenciar o desenvolvemento educativo dxs nenxs.
2. Respecto do medio ambiente.
3. Concienciar ao alumnado do dano que para o noso planeta supón o exceso de produción de lixos, a escaseza da actividade de reaproveitamento e a mala reciclaxe dos refugallos.
4. Concienciar ao alumnado da importancia de reducir o noso consumo de produtos que xeren exceso de lixo e a de utilizar envases reutilizables.
5. Recoñecer os diferentes tipos de lixo para botalos así no contedor correspondente e favorecer a reciclaxe.
6. Aprender a realizar traballo en equipo para alcanzar un obxectivo común.
7. Coñecer os Museos e utilizar os seus obxectos como fontes de información e estudo.

### Metodoloxía

Despois de amosarlle xs pícarxs unha serie de fotografías onde se ven contornas naturais cheas de lixo, fauna marítima e terrestre afectada por residuos, achegarémolles imaxes de diferentes tipos de refugallos, que de xeito virtual ou presencial terán que botar nunha das tres caixas que previamente construíran: unha amarela para plástico e metal, outra azul para papel e a verde para vidro.

### Propostas de avaliación:

Establecerase un diálogo para determinar cal é o grado de reciclaxe de cada nenx ou familia, cal é o seu coñecemento das formas de reciclaxe e o uso que fan de materiais reutilizables.

Para finalizar, unha creativa forma de aproveitar os nosos refugallos é convertelos nunha obra de arte ou nunha instalación artística.



**Datos de contacto:**

Rede Museística Provincial de Lugo  
<https://comunidadermpl.es/>

Correo electrónico:  
comunidadermpl@gmail.com

